



BOLETIN BREXIT

EDICIÓN – 31/07/2022

Este boletín describe unha visión xeral do modelo básico para as importacións: os procesos que deben seguir, unicamente como unha guía, todos os movementos de mercadorías a partir do mes de xaneiro de 2022. Non se trata dunha lista exhaustiva de todos os requisitos que poden aplicarse a un movemento de mercadorías. Trátase só dunha visión xeral. Neste boletín non se inclúen outros requisitos aplicables a determinados movementos de mercadorías.

Importación e exportación de comida orgánica

A comida e os alimentos certificados como orgánicos na Unión Europea, Noruega, Islandia e Liechtenstein continuarán aceptándose como orgánicos na Gran Bretaña ata o 31 de decembro de 2023.

O día 11 de xullo de 2022 o HMRC anunciou que os controis de importación de mercadorías da Unión Europea a Gran Bretaña (Inglaterra, Escocia e Gales) que xa se introduciron seguen en vigor. As directrices do HMRC actualizaranse no outono de 2022 con novas datas para os controis de importación.

Normas de comercialización da carne de aves de curral

Pospuxéronse os cambios nos controis de importación que debían entrar en vigor o día 1 de xullo de 2022. Os certificados de indicacións opcionais só serán necesarios a partir de xaneiro de 2024.

Isto significa que, desde xaneiro de 2024, as empresas necesitarán os certificados de indicacións opcionais da autoridade competente da UE para importar carne de aves de curral cunha ou máis indicacións opcionais da UE a Gran Bretaña. A guía do HMRC adaptárase no outono de 2022 con novas datas para os controis de importación.

Protección e seguridade nas importacións e exportacións.

As autoridades fronteirizas usan unha declaración de protección e seguridade (SSD), para analizar o risco potencial causado no seu territorio polas mercadorías que cruzan a súa fronteira. Non está relacionado co dereito e os impostos.

Hai dous tipos de declaración - ENS (entry summary declaration - declaración resumen de entrada) e EXS (exit summary declaration - declaración resumen de saída). O ENS debe presentarse antes de que as mercadorías cheguen a Reino Unido, e antes da descarga no caso do transporte marítimo con contedores de alta mar.

O 8 de xullo de 2022, o HMRC publicou unha guía relacionada cos requirimentos de protección e seguridade en importacións e exportacións. Así como Gran Bretaña (Inglaterra, Escocia e Gales) xa non forma parte da zona de protección e seguridade xunto coa Unión Europea, esta guía axuda aos negocios para entender como cumprir cos requirimentos de protección e seguridade das mercadorías que entren ou saian de Reino Unido.

En resumo, seguirán requiríndose as declaracións para que as mercadorías que entren e saian de Reino Unido que proveñan ou estean destinadas a países de fóra da Unión Europea.

O 1 de xullo de 2022 o HMRC confirmou que as empresas non necesitan facer unha declaración resumo de entrada para as mercadorías importadas desde a Unión Europea e outros territorios para os cales non era requirido antes do 1 de xaneiro de 2021. O goberno publicará no outono de 2022 un novo modelo operativo de obxectivos dos controis fronteirizos. O obxectivo é que a data de introdución do novo réxime sexa a finais de 2023.

Declaracións de importación en CHIEF e autorizacións de aduanas

Desde o 1 de outubro de 2022, as empresas non poderán realizar declaracións de importación no sistema de Customs Handling of Import and Export Freight (CHIEF).

Si se importan mercadorías, é necesario usar o Customs Declaration Service (CDS) - Servizo de declaración de aduanas. Pode levar tempo para as empresas completar a transición, polo que deberían empezar canto antes.

Se xa se realizan declaracións de importación utilizando CHIEF, o HMRC transfere as autorizacións aduaneiras existentes ao CDS. Non é necesario solicitar unha nova autorización para utilizar o CDS se xa existe unha autorización activa. Isto significa:

- Para realizar declaracións no Customs Declaration Service - Servizo de declaración de aduanas, usarase o actual número de autorización que proporciona o HMRC.
- A autorización xa existente manterase válida.

O HMRC anunciou que a partir do 5 de xullo de 2022 non establecerán novas autorizacións de importación para CHIEF. Os novos importadores deben rexistrarse no CDS, a partir do 5 de xullo de 2022, para realizar as súas declaracións de importación.

Realización dunha declaración complementaria de importación con atraso mediante CHIEF

Si se introduciron mercadorías en Gran Bretaña (Inglaterra, Escocia e Gales) procedentes da UE entre o 1 de xaneiro de 2021 e o 31 de decembro de 2021, debe contactar co HMRC si se optou por atrasar a declaración das devanditas mercadorías ata 175 días e aínda non se realizou unha declaración complementaria das mesmas.

Animase ás empresas a informar o antes posible ao HMRC sobre as declaracións tardías.

